

## MANIFESTO — Día Mundial do Docente, 5 de outubro de 2022

A CME celebra o papel fundamental do profesorado e do persoal educativo como garante do dereito á educación e esixe un incremento do financiamento da cooperación en materia educativa de acordo coas necesidades educativas actuais.

Con motivo do Día Mundial do Docente, dende a Coalición Española da Campaña Mundial pola Educación queremos **reiterar o noso apoio e solidariedade co profesorado, educadores e todo o persoal de apoio**, reivindicando o seu papel vital para facer realidade o dereito a unha educación de calidade, equitativa, inclusiva e transformadora.

Queremos chamar a atención sobre a situación do profesorado e do persoal educativo no mundo. No contexto da actual crise educativa, **é urxente que os gobernos dean un paso adiante**, situando a educación como peza fundamental na cooperación internacional.

A pandemia puxo de manifesto o valor insubstituíble da profesión docente, pero tamén as difíciles condicións laborais. Ademais, evidenciou as **condicións moi desiguais e moitas veces moi precarias** do profesorado, especialmente nos países con sistemas educativos débiles, agravando tamén as crises preexistentes que limitaban o acceso a unha educación de calidade en todo o mundo.

O profesorado enfrenta unha serie de retos de grande alcance, aos que os gobernos deben facer fronte. Unha cuestión fundamental é a **escaseza de profesores** en todo o mundo. Así, calcúlase que son necesarios 69 millóns de docentes máis en todo o mundo para conseguir unha educación de calidade para todos en 2030. Especialmente complicada é a situación na África subsahariana, onde se calcula que máis do 70 % dos países se enfrentan á escaseza de profesorado de primaria e, sobre todo, de secundaria. Só nesta rexión, son necesarios 15 millóns de profesores e profesoras adicionais para alcanzar os obxectivos relativos á educación en 2030.

Así mesmo, atopamos grandes **desequilibrios de xénero no cadro de persoal docente a nivel mundial**. A falta de mulleres docentes é especialmente preocupante en determinados contextos como África ou Oriente Medio, onde contar cunha profesora pode ser determinante para facilitar a retención das nenas no sistema educativo, xunto con outros aspectos como a redución da violencia escolar ou mellores opcións para a hixiene menstrual. Sen embargo, noutros contextos, como América Latina e o Caribe, a profesión docente está moi feminizada xa que os homes elixen outras profesións máis recoñecidas e remuneradas.

Neste sentido, **as condicións laborais de boa parte do profesorado no mundo non son as adecuadas**. A maioría dos sindicatos da profesión docente din que lles preocupa que os salarios sexan demasiado baixos, que as condicións laborais se deteriorenen e que as infraestruturas de apoio ao ensino e a aprendizaxe sexan insuficientes e non sexan unha prioridade para o investimento dos gobernos. Ademais, **o profesorado raramente é consultado ou participa nos procesos de toma de decisións e de elaboración de políticas**.

Outro dos grandes problemas é a **falta de acceso a unha formación de calidade e a un desenvolvemento profesional continuo** ao longo da súa carreira. A calidade do profesorado segue sendo un problema, especialmente naqueles países que teñen dificultades para contrataren suficiente persoal, o que leva á contratación de educadores/as sen formación, moitas veces con contratos temporais. Por exemplo, antes da pandemia, 1 de cada 3 docentes da rexión de África subsahariana e 1 de cada 4 profesores do sur de Asia estaban infracualificados.

Como vemos, os retos aos que se enfrontan os docentes no mundo son moitos e de grande alcance. Por iso, dende a CME queremos facer un **chamamento para mellorar a educación e a situación do profesorado no mundo**.

Neste marco, pedimos á comunidade internacional, e en particular ao Goberno español, **que incremente o financiamento da cooperación española no ámbito educativo e siga traballando para destinar o 0,7 % da Renda Nacional Bruta á Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD)**, do que un 20 % debe ser destinado á educación; e un 10 % da AOD para Axuda Humanitaria, do que o 10 % debe dedicarse á educación en situacións de emerxencia. Isto require establecer un plan de obxectivos anuais para 2030 para cumprir estes compromisos.



Así mesmo, ante a crise educativa, esiximos adoitir **decisións audaces sobre a transformación da arquitectura financeira internacional**, que apoie os países en vías de desenvolvemento para que incrementen o seu investimento en educación. O pagamento de nóminas do profesorado é o principal gasto dos orzamentos de educación: máis do 90 % deste dedícase a esta partida. Os gobernos deben forzar as restricións do FMI que antepoñen o control do déficit ao investimento público, o que é contraditorio co recoñecemento por parte de todos os actores de que só cun forte investimento en educación os Estados avanzarán e progresarán no crecemento económico a medio e longo prazo.

Neste sentido, é fundamental a actuación urxente e apoiar **medidas para paliar a débeda** dos países menos desenvolvidos, incluíndo medidas que fomenten o investimento en servizos públicos básicos como a educación. Ademais, é necesario apoiar os esforzos dos países socios en **reformas fiscais** que permitan aumentar os ingresos e destinalos a cubrir servizos sociais básicos como a educación.

Nas súas políticas e programas de cooperación en materia educativa, o Goberno español e as comunidades autónomas **deben reforzar accións e programas dirixidos a afrontar retos relacionados co profesorado**: a escaseza de profesorado; a baixa cualificación e novas necesidades de desenvolvemento profesional como son as competencias dixitais; e a mellora da súa situación e condicións de traballo. Deberán **garantir un número adecuado de profesorado e persoal docente, adecuadamente formado, contratado e remunerado**.

Para os contextos de emerxencia, deben garantir que o profesorado e o persoal educativo reciban **o apoio adecuado para impartir docencia e que se cubran as súas necesidades psicosociais, sociais e emocionais**, asegurando o acceso ao apoio necesario para iso. Así mesmo, en situacións de risco é necesario garantir a seguridade para protexer a vida do profesorado e as súas condicións laborais.

España atópase na actualidade nun escenario político favorable para mellorar o seu papel e as súas achegas á educación no mundo e recuperar o seu peso internacional na materia. En pleno proceso de reforma do sistema de cooperación internacional e con fitos moi relevantes no segundo semestre de 2022 —como son a elaboración do VI Plan Director da Cooperación Española, o debate e aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado 2023, o debate no Congreso da nova Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e Solidariedade Global— o noso país debe establecer compromisos valentes e decididos que lle permitan **aliñarse cos doadores máis comprometidos da OCDE e da UE en materia de educación**. Ademais de aumentar os recursos para a resposta global fronte á crise educativa, mellorando a atención e o recoñecemento ao profesorado e persoal educativo como garantes do cumprimento do dereito a unha educación de calidade, inclusiva, equitativa e transformadora, sen deixar atrás a ningúen.